

Sabela

e as zocas máxicas



Cofinanciado pola



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

proxectoterra 
COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA C. O. A. G.

O ProxectoTERRA é un proxecto de cooperación co mundo da educación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia dirixido ás distintas etapas da Educación Obrigatoria co obxectivo de colaborar na construción do coñecemento que os escolares fan dos espazos que habitamos.

Este conto Sabela e as zocas máxicas forma parte dos recursos educativos elaborados polo Proxectoterra para Educación Infantil. Un xeito de orientar a observación e a vivencia dos seus espazos cotiás no ánimo de facelas o máis diversas, persoais e completas que sexa posible.

Da casa á escola é a idea que articula as tres historias deste conto. Un achegamento multisensorial e emocional/afectivo ao espazo vivido, que faga máis rica a construción mental que nestas idades temperás se está a facer dos tres ámbitos máis significativos na vida dos cativos: a casa, a escola e o camiño que percorren todos os días dunha á outra. Tres ámbitos: o privado, o social e o público, que estarán presentes ao longo das nosas vidas e que xa estamos a construír desde pequenos.

Edita

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. ProxectoTERRA

Praza da Quintana nº 1, 2º
15704 Santiago de Compostela, A Coruña
España

Tel. +34 981 552 400
Fax +34 981 561 658

<http://proxectoterra.coag.es>
proxectoterra@coag.es

© autoras/es dos textos
© autoras/es das imaxes

Un conto creado por
Lorena Croques Villaverde
Mª José del Río Piñeiro
Miriam Sedes López

Ilustracións
Óscar Villán Seoane

Fotografías
Miriam Sedes Pablo Miranda
Raquel Castro Xosé M. Rosales

Revisión lingüística dos textos
Rocío Romar Roel

Coordinación e xestión da edición
Xaniño. Agencia de Comunicación Gráfica

Equipo do ProxectoTERRA
Xosé Manuel Rosales Noves. Coordinador
Antonio Díaz Otero
Pedro de Llano Cabado
José Luis González Fernández

Coordinación e supervisión dos materiais
Jose Luis González Fernández
Xosé Manuel Rosales Noves

Guía elaborada por
Lorena Croques Villaverde
Mª José del Río Piñeiro
Miriam Sedes López

Profesorado
colaborador
Francisco José Becerra Gil
Lorena Croques Villaverde
Mª José del Río Piñeiro
Yolanda Murillo Moreira
Susana Nieto Martínez
Miriam Sedes López



O noso agradecemento á **Asociación Socio-Pedagóxica Galega** (entidade colaboradora do ProxectoTERRA) e a **Pirilampo** por permitírnos incorporar as súas cancións e vídeos dentro dos nosos recursos educativos **“Da Casa á Escola”**.

Ola!

Son **Sabela**, teño cinco anos,
vivo nunha vila pero encántame ir á casa dos meus avós á aldea
onde atopei as miñas zocas máxicas e viaxeiras...

Agora **abre** ben os ollos,
afina as túas orellas,
toca coas túas mans,
ule co teu nariz
e **corre** cos pés lixeiros.



1. POR QUE EMPREGAR ESTE MATERIAL?

- Parte da nosa realidade: as nosas casas, a nosa contorna rural ou urbana, o noso patrimonio natural e construído, as características das nosas aldeas, vilas e cidades...
- Fainos dispor de imaxes reais da nosa contorna.
- Con este material todos nos identificamos: interior, costa, urbano, rural...
- Parte de elementos moi motivadores para o noso alumnado: contos, cancións, xogos.
- Estes materiais non son frecuentes nin nas aulas nin nas guías didácticas.

2. METODOLOXÍA

Sabela e as zocas máxicas é un proxecto esencialmente sensorial, lúdico e vivencial.

Este traballo está estruturado en tres BLOQUES TEMÁTICOS relacionados entre si:

- BLOQUE 1: OS ESPAZOS DA CASA. A casa como primeiro espazo vivenciado. O espazo privado:
 - A casa por dentro Conto 1: *O segredo do faiado.*
 - A casa por fóra Conto 2: *O moletinho de pan*
- BLOQUE 2: DA CASA Á ESCOLA - O CAMIÑO. O espazo público
 - O camiño da casa á escola. Conto 2: *O moletinho de pan*
- BLOQUE 3: OS ESPAZOS DA ESCOLA. A escola como espazo de socialización.
 - Os espazos da escola Conto 3: *O tesouro da escola*

É un proxecto que se volve diferente en cada escola ou colexio polas características do

mesmo. A contextualización á contorna do alumnado é esencial no desenvolvemento da nosa proposta na que os seus espazos vividos son os protagonistas.

Na nosa proposta pensamos na creación dun **Recanto do ProxectoTERRA**, no que estarán a casa de Sabela e os xogos e contos do proxecto, onde os nenos e nenas da aula poderán xogar individualmente ou en pequeno grupo.

A casa de Sabela (Caixa de cartón) pode ser a casa dos avós (pechada) ou un edificio da vila (aberta).



Ademais nesa zona pode haber un lugar para exposicións sobre o proxecto.

A aplicación destas actividades (individuais, de pequeno grupo ou gran grupo) pode levarse a cabo dun xeito flexible e adaptándose á dinámica da aula coordinando estas cos demais contidos educativos.

As actividades poden seguir a secuencia completa tal como se presenta ou adaptarse ás necesidades particulares de cada aula.

É recomendable implicar a toda a comunidade educativa: especialmente ás familias nos dous primeiros bloques e ao resto do profesorado e persoal non docente no terceiro e último bloque.

3. DESTINATARIOS

Destinada para o alumnado de 5º- 6º de Educación Infantil por tres motivos esenciais:

- Polo grao de madurez.
- Polo grao de abstracción.
- Polo seu inminente paso a primaria, posto que facilita a aproximación a un novo contexto e a unha nova realidade que se van a atopar no curso seguinte.

4. TEMPORALIZACIÓN

Esta é unha temporalización aproximada debido á flexibilidade dos tempos en Educación Infantil. Unha posibilidade que aconsellamos é desenvolver un bloque por trimestre.

- | | |
|--------------------------------------|--------------|
| •A Casa: 5 sesións. | 1º Trimestre |
| •Camiño da Casa á Escola: 5 sesións. | 2º Trimestre |
| •A Escola: 5 sesións. | 3º Trimestre |

5. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- Contribuír a mellorar o coñecemento que os nenos e nenas teñen dos lugares que habitamos a partir dun eixo motivador, neste caso un conto.
- Vivenciar os diferentes espazos territoriais onde transcorre a súa vida: a casa, o traxecto e a escola partindo da realidade dunha nena da súa mesma idade.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: "A CASA"

- Coñecer o espazo privado de cada nena e neno a través dos sentidos (vista, tacto, oído e olfacto) indagando nas características das vivendas: dependencias e o seu uso.
- Coñecer a contorna máis próxima á súa casa iniciándose na construción do espazo social inmediato que comparte coa súa veciñanza.
- Identificar o lugar onde viven en función de diversos criterios: aldea/vila/cidade, interior/costa.
- Observar, investigar e experimentar os elementos da contorna a través de imaxes próximas á realidade.
- Identificar e descubrir os materiais empregados na construción das diferentes vivendas e as súas calidades: temperatura (frío - quente), humidade, textura (suave - áspero, rugoso - liso), dureza (duro - brando), cores...
- Iniciarse no uso do plano dunha vivenda sendo capaz de identificar, representar, clasificar e situar os diferentes elementos do mesmo.
- Coñecer o seu enderezo como xeito de identificación organizada das construcións da súa contorna.
- Representar a través de diferentes formas de expresión (oral, gráfica, corporal e plástica) as

características básicas dunha vivenda tendo en conta o interior, exterior e os materiais de construción da mesma.

- Iniciarse no recoñecemento de mapas e planos (google maps, plano do lugar onde vivimos) como xeitos de representar os lugares onde vivimos.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: “DO CAMIÑO DA CASA Á ESCOLA”

- Coñecer o percorrido e os elementos do mesmo levando a cabo propostas de actividades diferenciadas.
- Identificar, descubrir e representar os diferentes elementos que atopan no camiño da casa á escola:
 - Naturais (bosques, leiras...)
 - Privados (vivendas)
 - Públicos construídos (concello, centro de saúde..)
 - Públicos abertos (parques, pistas deportivas...)
 - Lugares para circular (beirarrúas, calzada, ponte...)
 - Lugares de traballo (fábrica, tendas...)
- Descubrir a posición que ocupan os elementos da contorna no percorrido: antes/despois, preto/lonxe, entre, ao carón de, primeiro/último, no medio de, diante de, detrás de, á dereita de, á esquerda de...
- Representar de forma oral e gráfica o percorrido e os elementos do mesmo respectando as diferentes opinións dos compañeiros/as, sendo capaz de identificar, representar, clasificar e situar os diferentes elementos do mesmo.
- Coñecer o uso dos lugares e elementos da contorna que os nenos e nenas empregan: parque, biblioteca, praia, beirarrúa, papeleira...
- Identificar de que materiais están elaborados os elementos que atopamos no percorrido, a través do recoñecemento das súas cualidades visuais e texturais: temperatura (frío - quente),

humidade, textura (suave - áspero, rugoso - liso), dureza (duro - brando), cores...

- Inicialse na identificación do lugar onde viven en función a diversos criterios: aldea/vila/cidade, interior/costa.
- Aproximarse ao coñecemento da contorna próxima a través do plano da súa localidade, vila, cidade.
- Inicialse na estimación sobre o tempo empregado nos diferentes percorridos usando relacións de cantidade e comparación: máis, menos, máis que, menos que...

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: "A ESCOLA"

- Coñecer o primeiro espazo social do alumnado a través dos sentidos (vista, tacto, oído e olfacto): dependencias e uso.
- Identificar e descubrir os materiais empregados na construción dos diferentes elementos da escola e das súas cualidades visuais e texturais:: temperatura (frío -quente), humidade, textura (suave - áspero, rugoso - liso), dureza (duro - brando), cores...
- Inicialse no uso do plano da escola sendo capaz de identificar, representar, clasificar e situar os diferentes elementos do mesmo.
- Descubrir e identificar as diferentes funcións na escola (directora, conserxe, coidadora,...)
- Representar a través de diferentes formas de expresión (oral, gráfica, corporal e plástica) as características básicas da escola tendo en conta o interior, exterior e os materiais de construción da mesma.
- Observar, explorar e experimentar a través dos sentidos os elementos da escola e ser quen de facer unha reflexión conxunta sobre os mesmos.
- Inicialse na expresión oral das sensacións que lle producen algúns elementos da escola respectando as diferentes opinións dos compañeiros/as.
- Observar necesidades, dificultades, problemas dos lugares que comparten na escola (patio, biblioteca, aula...) buscando solucións para as mesmas: ser cidadáns e cidadás activos/as.

6. COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO

A competencia esencial que traballamos a partir deste proxecto é a que fai referencia ao COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO. Pretendemos iniciar aos nenos e nenas no pensamento científico potenciando habilidades de investigación como formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, predicir, xerar novas ideas e solucións...

7. RECURSOS

A proposta educativa "**Sabela e as zocas máxicas**" conta co seguinte material:

1. Guía para o profesorado na que se presentan as intencións educativas do equipo redactor, se describen as actividades, materiais e indicacións para levar a cabo este proxecto.
2. A casa de Sabela onde se recollen os materiais precisos para as actividades:
 - **Contos** de "*Sabela e as zocas máxicas*" en dous formatos.
 - Carta presentación de Sabela.
 - Conto 1: *O segredo do faiado.*
 - Conto 2: *O moletinho de pan.*
 - Conto 3: *O tesouro da escola.*
 - **Pictogramas** da Casa, do Camiño e da Escola para realizar diversas actividades.

- DVD **“Sabela e as zocas máxicas”** que inclúe:
 - O conto en varios formatos e Guía para o profesorado en soporte dixital.
 - Pictogramas en soporte dixital.
 - Láminas de traballo, carné de investigador/a, diploma final e portada de traballos.
 - Bits da Casa, o Camiño, a Escola e materiais.
 - Cancións, Vídeos...

8. ENLACES WEB

- <http://proxectoterra.coag.es/>

Na páxina web do ProxectoTERRA podedes acceder a diversos recursos. Os máis adaptados a Educación Infantil e á proposta de Sabela son:

- O libro **“Un mundo de sensacións”**, elaborado para o 1º Ciclo de Primaria, que reforza o traballo dos sentidos e o lugar onde vives (aldea - vila - cidade).
<http://proxectoterra.coag.es/profesorado/profesorado-primaria/>
- Os vídeos para observar o paso do tempo (día - noite) e as estacións.
<https://www.youtube.com/playlist?list=PLAIYtbi8zeQfyVrEEALHS-iWYPKAIrLi->
- Os spots para percibir elementos do espazo público e privado.
<https://www.youtube.com/playlist?list=PLAIYtbi8zeQfpnvtE3G7wSMTwBx97BNIA>
- “O video do Arquitecto” <https://youtu.be/w9DHSTrgmS4>
- “A Casa da Música” <https://youtu.be/DbcvAr1sdaY>


- <http://maps.google.es/>
- Picasa



L1.- CARNÉ DE INVESTIGADOR/A



ANVERSO




REVERSO


L2.- DIPLOMA



L3-1 ALDEA-VILA-CIDADE




L3-2 ALDEA-VILA-CIDADE



L3-3 ALDEA-VILA-CIDADE



L4-1 PON O TEU NOME...




L4-2 PON O TEU NOME...




L5 DEBUXA A SABELA

LÁMINAS DE TRABALLO
DISPOÑIBLES DE PDF


L6 XOGO DOS SENTIDOS NA CASA




L7-1 CREBACABEZAS DA CASA



L8-1 O PLANO DA MIÑA CASA




L9 DEBUXA A TUA CASA




L10 O MEU ENDEREZO



L11 DESDE A MIÑA FIESTRA




L12-1 CAMIÑO DE SABELA




L12-2 CAMIÑO DE SABELA



L12-1N CAMIÑO DE SABELA



L12-2N CAMIÑO DE SABELA



L13 DEBUXA O TEU CAMIÑO



L14 EN QUE VES AO COLEXIO




L15-1 DA CASA AO COLEXIO



L15-2 DA CASA AO COLEXIO




L15-3 DA CASA AO COLEXIO




L15-4 DA CASA AO COLEXIO



L16 XOGA COS SENTIDOS NO COLEXIO



L17-1 CREBACABEZAS DA ESCOLA




L17-2 CREBACABEZAS DA ESCOLA




L18-1 O PLANO DO COLEXIO



L18-2 O PLANO DO COLEXIO




L19 DEBUXA O TEU COLEXIO




L20-1 PLANOS CASA DOS AVÓS


TAMÉN TES DISPOÑIBLES EN PDF AS SEGUINTES LÁMINAS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:




L12-3 CAMIÑO DE SABELA




L15-5 DA CASA AO COLEXIO



L17-3 CREBACABEZAS DA ESCOLA




L8-2 O PLANO DA MIÑA CASA



L18-3 O PLANO DO COLEXIO

PICTOS - FORMATOS DE PRESENTACIÓN: REVERSO MONOCROMO, ANVERSO A COR, ANVERSO A LIÑA (SO DIXITAL)



EXEMPLOS DE BITS QUE PODEDES ATOPAR NO DVD E NA WEB DO PROXECTO TERRA

COLE



COLEXIO



COLEXIO



AULA INFANTIL



COMEDOR



AULA DE INFORMÁTICA

CAMIÑO



BIBLIOTECA



BICICLETAS



CENTRO CÍVICO



PRAIA



HOSPITAL

CAMIÑO



CONCELLO



CONCELLO



CENTRO DE SAÚDE



COLECTORES DO LIXO



PARADA DE BUS

CAMIÑO



CARNIZARÍA



FROITARÍA



LIBRARÍA



PANADARÍA



PEIXARÍA

COUSAS



SUMIDOIRO DE FERRO



CABALIÑO DE MADEIRA



BANCO DE MADEIRA E FERRO



ESPELLO DE VIDRO










PEZAS DE MADEIRA

9. PROPOSTA DIDÁCTICA:
ORIENTACIÓN E ACTIVIDADES

9.1

SABELA E AS ZOCAS MÁXICAS
CARTA DE SABELA

- SECUENCIA DE ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E ANÁLISE DE COÑECEMENTOS PREVIOS

<p>SABELA Presentación da personaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ler a carta de Sabela no conto. Coñecemos a Sabela, a personaxe principal que guía todo o proxecto e que motiva a investigar. (L 0) 	 <p>Ola Son Sabela, tenho cinco anos, vivo nunha vila pero encantárame e á casa dos meus avós á aldea onde sempre encollo as zocas máxicas e vesteras...</p> <p>Agosto aCRO ben co solto, afirma as tuas orellas, TOCA as tuas mans, LÉVE co teu nariz e CORRE coos pés lixeiros.</p> <p>L 0</p>
<p>ALDEA VILA CIDADE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diálogo no gran grupo. Preguntas tipo: <ul style="list-style-type: none"> -Onde vive Sabela? E ti? Na vila, na aldea, nunha cidade...? Por que o cres? -Como pensas que é una aldea/vila? Por que? -Que elementos terá? Como serán as casas? • Observa as imaxes da casa dos avós de Sabela na aldea e da vila e compara as vivendas (L 3-1 / L 3-2 / L 3-3) • En gran grupo escribe o teu nome onde cres que vives (aldea -vila/cidade) (L 4-1 / L 4-2). Retomarase en varios momentos para que eles mesmos corrixan se é preciso. • Debuxa a Sabela (L 5) 	 <p>ALDEA VILA</p> <p>L 3-1</p>  <p>ALDEA VILA CIDADE</p> <p>L 3-2</p>  <p>ALDEA VILA CIDADE</p> <p>L 3-3</p>
<p>PÓN O TEU NOME SEGUNDO ONDE VIVAS</p>  <p>ALDEA VILA CIDADE</p> <p>L 4-1</p>	<p>PÓN O TEU NOME SEGUNDO ONDE VIVAS</p>  <p>ALDEA VILA CIDADE</p> <p>L 4-2</p>	<p>DEBUXA A SABELA</p>  <p>L 5</p>

<p>ESPERTAR OS SENTIDOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aprende e recita a rima empregando os xestos axeitados. <p>“Abre ben os ollos, afina as túas orellas, toca coas túas mans, ule co teu nariz e corre cos pes lixeiros”</p> <p>Ao longo de todo o proxecto repetimos esta rima como motivación para a investigación a través dos sentidos.</p>
<p>CARNÉ DE INVESTIGADOR/A</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Amosar o carné de investigador/a (L 1). Ao finalizar cada bloque cubriremos a parte correspondente e ao final do proxecto recibiremos o noso diploma (L 2) xunto a dito carné por ser uns fantásticos investigadores/as e Arquitectas e Arquitectos da Casa, do Camiño e da Escola.

L1 CARNÉ DE INVESTIGADOR / INVESTIGADORA



L2 DIPLOMA DE ARQUITECTA / ARQUITECTO




9. PROPOSTA DIDÁCTICA:
ORIENTACIÓN E ACTIVIDADES

9.2

CONTO 1
SABELA E O SEGREDO DO FAIADO

- SECUENCIA DE ACTIVIDADES DE ACHEGAMENTO AO ESPAZO PRIVADO: **A CASA POR DENTRO** DEPENDENCIAS E PLANO



<p>ESPERTAR OS SENTIDOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Sabela foi de visita á casa dos avós e investigou as dependencias da vivenda, descubriendo o elemento máxico do conto: AS ZOCAS VIAXEIRAS. • PICTOS DA CASA. Observar as dependencias da casa de Sabela. <i>Que obxectos hai en cada dependencia? Que fai Sabela en cada unha?</i> 	
<p>XOGO DE MÍMICA</p> <p>ADIVIÑA ONDE ESTOU</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PICTOS DA CASA. Un neno/a dramatiza con mímica unha acción que fai nesa dependencia (pictograma) e o resto ten que adiviñar que fai e en que dependencia da casa está. O que adiviña sae a realizar a seguinte acción. Na mesma dependencia pódense facer diversas accións. Exemplo: frito un ovo na cociña, lavo a vaixela na cociña, vístome na habitación.... <p>Pódese ampliar a outras dependencias. Os pictogramas da casa inclúense no Recanto do Proxecto.</p>	

ESPERTAR OS
SENTIDOS
NAS
DEPENDENCIAS
DA CASA

• **ESPERTAR OS SENTIDOS** e, a continuación, en gran grupo dar resposta ás seguintes preguntas partindo das imaxes do conto de Sabela:

-A que **ule** a túa **COCIÑA**? Que **ulidos** son os máis agradables e cales os máis desagradables?.

-Que **cousas ves** no teu **SALÓN**?

-Que **sons escoitas** no teu **BAÑO**?

-Que **obxectos tocas** na túa **HABITACIÓN**?

-Sabela atopou as zocas máxicas no **FAIADO** da casa dos avós... tes faiado/rocho? Como é? A que ule? Que cousas gardas nel? Onde está?

-Que **máis dependencias** tes na túa casa? Que fas nelas? Como son? Que elementos hai? A que olen? Que sons escoitas en cada unha delas?

• Outras propostas para espertar os sentidos:

-Xogos de **ulir**: meter en botes cousas que ulan e adiviñar a que ule, ulir as merendas (laranxa, mazá, chourizo...)

-Xogos de **ver**: xogar ao vexo-vexo, bits de imaxes, que falta (colocar varios obxectos da casa no chan, quitar un sen que o vexan e adiviñar o que falta)

-Xogos de **escoitar**: adiviñar sons.

-Xogos de **tocar**: a pita cega, bolsa de tacto (pinzas de madeira, esponxa,...)



9.2

CONTO 1
SABELA E O SEGREDO DO FAIADOXOGO COS
SENTIDOS NA
CASA

- **INVITAR ás FAMILIAS** a coñecer a casa cos seus fillos/as a través deste xogo que emprega os sentidos (L 6).

Recomendacións para casa:

- Que cousas **ves** nas dependencias da túa casa? *Obxectos, tamaños, cantidades, cores...*
- Que cousas **tocas** nas dependencias da túa casa? *Materiais: madeira, plástico, cortiza, area, pedra, metal, alicatado...
Texturas: suave/áspero. Temperatura: frío/quente.
Consistencia: brando/duro. Humidade: mollado/seco.*
- Que cousas **ules**, nas dependencias da túa casa? *Agradables/desagradables.*
- Que cousas **escoitas** nas dependencias da túa casa? *Sons fortes/suaves, altos/baixos, de onde proveñen, para que serven, molestan?*
- Que cousas **degustas** na túa casa? *Son doces/salgadas, brandas/duras, frias/quentes, solidas/líquidas, de onde proveñen, para que as tomas?*

- Poden traer ao cole a lámina e contarlle aos compañeiros/as que ven, que tocan, que escoitan e que ulen nas dependencias da súa casa.





OS PLANOS DA
CASA DOS AVÓS
DE SABELA

- **OBSERVAR os PLANOS** da casa dos avós de Sabela (L 20-1).

Preguntas tipo:

Cantos andares ten a casa? Que estancia cres que é? Por que? Onde cres que está a cociña? Por que? E o salón? Cales son as fiestras? E as portas? Cantas hai? Onde está o faiado? E as escaleiras?



<p>CREBACABEZAS DA CASA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • XOGO COS PICTOS DA CASA dos avós de Sabela (dependencias) para formar o PLANO, primeiro en gran grupo e logo en pequenos grupos no Recanto do Proxecto. • COLOREAR, RECORTAR E MONTAR o CREBACABEZAS DA CASA dos avós de Sabela (L 7-1) 	
<p>O PLANO DA MIÑA CASA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • RECORTO e PEGO coa axuda da miña familia as dependencias da miña casa e colócoas formando o plano da mesma nun folio tamaño A3. (L 8-1) <p>Recomendacións para casa: <i>observar como son as dependencias das miña casa, cales teño, onde están situadas...</i></p> <p>Cada neno/a CONTA na aula aos demais como é a súa casa.</p> <p>EXPOÑER todos os planos do alumnado nun lugar visible.</p>	
<p>DEBUXA A TÚA CASA</p>	<p>Individualmente debuxa a túa casa por dentro (dependencias). Pódese facer un debuxo inicial e outro final para saber o que aprendemos. (L 9)</p>	
<p>RIMA</p>	<p>Aprende e recita a rima:</p> <p><i>“Sabela Sabeliña, pon as zocas, as zoquiñas se queres aprender polo mundo has de correr”</i></p>	

9. PROPOSTA DIDÁCTICA:
ORIENTACIÓN E ACTIVIDADES

9.3

CONTO 2
SABELA E O MOLETIÑO DE PAN

- SECUENCIA DE ACTIVIDADES DE ACHEGAMENTO AO ESPAZO PRIVADO: **A CASA POR FORA**
O RUEIRO E A REDE DE CAMIÑOS

ESPERTAR OS
SENTIDOS

- Sabela de camiño da aldea á vila **OBSERVA** diferentes tipos de vivendas (unifamiliares, edificios...).

ALDEA
VILA
CIDADE

- **OBSERVA** de novo as imaxes da casa dos avós de Sabela na **aldea** e tamén as da **vila e a cidade** (L 4) e corrixe se é preciso.
- En **GRAN GRUPO** dar resposta ás seguintes preguntas:
Cal se parece máis á túa casa? A casa da vila ou a da cidade? Por que? De que materiais estará feita? Pareceche alta/baixa, grande/pequena? Ten un andar, varios., cal é o teu? Hai casas pegadas? É un edificio ou unha vivenda unifamiliar? Tes veciños arriba/abaixo, ao lado...? Qué elementos hai arredor da casa? (hortas, tendas...)



<p>BITS DE CASAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • OBSERVAR os BITS DE CASAS do DVD. Fixarse nas seguintes características: <ul style="list-style-type: none"> • Morfolóxicas: <i>grande/pequeno, alta/baixa, nova/antiga, número de fiestras, portas, andares, chemineas, formas do tellado, cores...</i>, • Funcionais: <i>adivñar quen pode vivir alí e por que o dis, que facemos na parte de arriba, na entrada, no faiado...</i> 	
<p>O ENDEREZO DO NOSO COLE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Busco o ENDEREZO DO COLE en google maps e observo: nome da rúa ou rúas colindantes, a fachada, o número de fiestras, os materiais, as cores, as portas, os andares, os números dos portais... • DEBUXAMOS entre todos O NOSO COLE en tamaño A3 ou un pouco máis grande. Podemos dividir tarefas e quendas para que ninguén quede sen facer nada. Sería interesante empregar diversos materiais: rotuladores, ceras, plastilina, acuarelas, témperas, cera branda... Ímolo a colgar na REDE DE CASAS. 	

9.3

CONTO 2
SABELA E O MOLETIÑO DE PAN

<p>O MEU ENDEREZO</p> <p>ONDE VIVES?</p> <p>SABES O TEU ENDEREZO?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • ESCRIBO na casa coa axuda da familia O MEU ENDEREZO (L 10). Recomendacións para casa: <i>observar onde vivo, a fachada do edificio, o número do portal, o piso, que vexo dende a miña fiestra...</i> • Cada neno/a LE na aula O SEU ENDEREZO. Se é posible, buscámola en google maps e observamos: <i>cartel co nome da rúa, número de portal, número de pisos, rúa (ancha - estreita, avenida/praza/rúa...), que hai preto (garaxe, parque, tenda, farmacia, contedores do lixo, sinais de tráfico...)</i> • IMPRIMIR un RUEIRO da zona e sinalar onde está o noso cole e onde vivimos. Pódese empregar o Picassa para facer un rueiro máis grande a través da opción crear un póster. 	 <p>O MEU ENDEREZO</p> <p>Nome da casa:</p> <p>Nome da rúa:</p> <p>Número:</p> <p>Piso:</p> <p>Código postal:</p> <p>L 10</p>
<p>DEBUXA A TÚA CASA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Individualmente DEBUXA A TÚA CASA por fóra (fachada). Pódese facer un debuxo inicial e outro final para saber o que aprendemos. Podes empregar témperas, acuarelas, ceras brandas, rotuladores, pincel... Pegar a foto de cada neno/a, tamaño de carné, na fiestra do seu piso para colgar logo na REDE DE CASAS. (L 9) 	 <p>DEBUXA A TUA CASA</p> <p>L 9</p>
<p>REDE DE CASAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Precisamos un espazo amplo nunha parede, onde collan as casas de todo o alumnado e a escola, con espazo para que no seguinte bloque se converta na REDE DE CAMIÑOS. • Colocamos o cole que pintamos entre todos no centro da parede e, OBSERVANDO o RUEIRO, cada neno/a coloca a súa casa con foto no lugar que pensa que está. Podemos colocar elementos recoñecibles (praza de..., parque de..., edificio de...) que lles sirvan de referencia. 	

QUE VEXO
DENDE A MIÑA
FIESTRA

•En **GRAN GRUPO** facer unha **ACTIVIDADE DE RELAXACIÓN**:

Reducir a luz, sentar nunha cadeira, pechar os ollos e imaxinar que nos asomamos á unha fiestra da nosa casa imaxinando o que vemos. **LER** o seguinte texto de xeito calmado mentres escoitamos unha música suave e logo favorecer o diálogo:

-Pousa a cabeza nas mans moi a modiño. Pecha os ollos e imaxina que vas da man de Sabela. Sabela da tres chimpos coas súas zocas máxicas e diche que repitas o que fai ela sen abrir os ollos.

-Despois de moito correr coas zocas viaxeiras da aldea á vila e da vila á aldea, Sabela sente que está moi cansa e por iso empeza a relaxarse. Colle aire polo nariz e bótalo pola boca. Ti tamén colles aire polo nariz e bótalo pola boca.

-Sabela nota como pesa a súa cabeza, os ombros, os brazos, os cónados, as mans, os dedos.... Ti tamén o sentes: pesa a túa cabeza, os ombros, os brazos, os cónados, as mans, os dedos.

-Sabela sente as pernas moi moi longas e pesadas. As zocas pésanlle moito, parece que ten os pes pegados ao chan. Ti tamén sentes as pernas moi pesadas.

-Tan relaxados estades que notades a calor quentiña do sol nas costas, fai cóxegas suavemente.

-Sen abrir os ollos, Sabela lévate voando coa imaxinación á túa casa. Chegas á porta, abres coa chave e vas dereito á túa habitación. Queres que Sabela a vexa. Ves todos os xoguetes e contos que tes. Que cama tan brandiña!. Logo Sabela asómase á fiestra e sentindo o frío cristal observa atentamente...ti asómaste tamén e tocando o nariz no cristal podes ver todo o que hai... (esperar un tempo)

-Agora abre a modiño os ollos e dinos o que viches.

9.3

CONTO 2
SABELA E O MOLETIÑO DE PAN

<p>QUE VEXO DENDE A MIÑA FIESTRA</p>	<ul style="list-style-type: none"> •Tí e Sabela asomástesvos pola fiestra da túa habitación <i>...que viches desde alí?</i> •Se te asomases noutra fiestra da casa (cociña, salón...) <i>...que verías?</i> •Se saes á porta da casa ou do portal, <i>...que ves?</i> •<i>Que sons escoitas dende a túa casa? A que ule?</i> •DEBUXA O QUE VES dende a túa fiestra. (L 11) 	
<p>BITS DE COUSAS E MATERIAIS</p>	<ul style="list-style-type: none"> •OBSERVAR e FALAR dos BITS DE MATERIAIS no DVD: <i>-De que cres que está feita a túa casa?, as fiestras? O chan? As paredes? A porta? Cómo será o seu tacto (duro - brando, suave - áspero...)? Que cores aparecen?</i> 	
<p>CANCIÓNS</p>	<ul style="list-style-type: none"> •ESCOITAR a canción da Casa de PIRILAMPO e cantar ou repetir a rima <i>"Patín, patán, patón o camiño coñeceredes Patín, patán, patón con Sabela aprendede"</i> 	
<p>CARNÉ DE INVESTIGADOR/A</p>	<ul style="list-style-type: none"> •Xa somos ARQUITECTOS E ARQUITECTAS DA CASA. •COLOREA a parte da CASA do teu CARNÉ DE INVESTIGADOR ou INVESTIGADORA (L 1) 	


